



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E A ASOCIACIÓN DE FAMILIAS DE PERSOAS CON PARÁLISE CEREBRAL (APAMP) PARA O FINANCIAMENTO DUN PROXECTO DE PROMOCIÓN DA AUTONOMÍA PERSOAL E SOCIAL NAS DIFERENTES ETAPAS DA VIDA PARA O ANO 2019

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade,

DECLARA:

Que a Consellería de Política Social ten previsto formalizar coa entidade ASOCIACIÓN DE FAMILIAS DE PERSOAS CON PARÁLISE CEREBRAL (APAMP) o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que estenderá os seus efectos dende a súa formalización e terá vixencia ata o 31 de decembro do 2019. Non obstante, as accións englobadas no presente convenio que realizase APAMP dende o 1 de xaneiro de 2019 tamén poderán ser subvencionadas

Que o instrumento convencional ten por obxecto a colaboración por parte da Consellería de Política Social no financiamento dun proxecto de promoción da autonomía persoal e social nas diferentes etapas da vida de APAMP

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar fundamentase no seguinte:

O obxecto do convenio permitirá obter resultados transferibles ás políticas de integración social e laboral das persoas con discapacidade.

Conforme aos requisitos previstos no artigo 26.2. apartado a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, que a desenvolve, APAMP ten como finalidade contribuír ao desenvolvemento do proxecto de vida de cada persoa con parálise cerebral propiciándolle as oportunidades e recursos necesarios para conseguilo. E preciso fomentar a autonomía persoal e social dende a etapa de atención temperá ata a vida adulta pasando por outras cuestións relativas a necesidades básicas como a rehabilitación, ata as necesidades como autodeterminación..

Así mesmo, as actuacións obxecto deste convenio, recollidas na súa cláusula primeira; a súa adecuación ao ámbito competencial da Consellería de Política Social previsto no Decreto 176/2015, de 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de





Política Social, e no seu artigo 20, onde se describen as competencias da Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade; e as específicas necesidades inherentes ao colectivo ao que van dirixidas, considéranse razóns que acreditan o seu interese social.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do Sector Público ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste asino esta memoria en Santiago de Compostela

